

# Camiños da Franqueira. 1

## *Visita á Vila da Franqueira e subida ó Coto da Vella*

Benqueridos amigos, esta nova iniciativa quere ser unha resposta ás inquiredanzas de moitos peregrinos que acoden á Franqueira e que queren coñecer un pouco máis a súa historia. Este primeiro camiño que sinalamos, de xeito moi sinxelo, conduciravos a un pequeno paseo pola Antiga Vila da Franqueira ata chegarmos ó Coto da Vella, lugar onde se garda a memoria do achado da imaxe da Virxe da Fonte da Franqueira.

Pero antes de coñecer o itinerario, ¿qué necesitamos?.

1º: Calzado axeitado para camiñar e demais elementos, un bastón, ou un pao, gorra se fai sol ou chubasqueiro por se chove.

2º: Auga suficiente para todo o camiño, e se ides pasar parte do día, non está de máis levar algo de xantar para repoñer forzas.

3º: Se o día está limpo e tedes uns prismáticos pois as vistas son impresionantes.

4º: O camiño a seguir está marcado con frechas de cor azul.

5º: Bo ánimo e apertura do corazón para renovar a fe.

## *Visita da Vila*

O punto de partida é o Santuario da Nosa Señora da Franqueira. O fermoso templo románico, antiga abadía cisterciense, ten moitas curiosidades, que nun momento poden explicavos. Por iso convén acordar unha cita para aproveitar a visita.

Sáímos de fronte, uns 50 metros, e pasada unha parada de autobús, hai un camiño en liña recta que sube ata a Fonte. É unha antiga construción, coñecida como “Fonte de Prado”, e que lembra o lugar onde pararon os bois que descenderon a imaxe da Virxe desde a Paradanta. Subido polo camiño que bordea a fonte

chegamos ata a antiga ermida da Virxe. Os muros que se conservan son os restos do vello cemiterio que se construíu sobre a antiga ermida. É un lugar moi interesante, que xunto coa fonte, esperamos ver pronto restaurados. Volvemos os nosos pasos, seguindo polo medio das casas e chegamos a unha vivenda que ten nas súas paredes dous testemuños da súa historia. Os escudos que podedes ver, un moi tosco na baixada cara a igrexa, e outro do século XVIII seguindo as indicacións. Pertencen ós fidalgos López de la Peña, establecidos nesta vila e que estiveron moi vinculados nos séculos pasados á historia do mosteiro. Seguindo as frechas azuis adentrámonos polas antigas corredeiras da Vila e pasamos tamén por diante dunha antiga vivenda que ten restos doutro escudo da mesma fidalguía. Tomamos dirección á rotonda onde comezaremos a nosa subida ó Coto da Vella.



### ***Subida ó Coto da Vella polo Vía Crucis monumental***

Ó lado da rotonda hai unha pequena fonte cunha mesa, agora comezamos o camiño. O primeiro tramo ofrece a dificultade de estra ás veces cheo de auga. Son uns 75 metros. O lugar é coñecido co nome do Regueiro. Pasamos por entre carballos e pasto, e ós 100 metros volvemos atopar máis auga. Estamos xa no lugar do Val da galiña. Os valados fan que o camiño ofrezca un ambiente moi peculiar. A 50 metros o camiño xa comeza a estar empedrado, e chegamos a un regato. Esta zona é a Coutada e A Costa. Comezamos a subida todo empedrado, aínda que nalgúns lugares está bastante mal, a razón é que desviaron as augas pluviais e no inverno baixan con moita forza, polo que será necesario arranxar. A subida é preciosa e sen moita dificultade.

Chegados á pista de terra polo que circulan os camións do parque eólico, seguimos á dereita. Non moi lonxe xa está, á esquerda, o comezo do Vía Crucis. Estamos por enriba das Cabanas. Posiblemente o nome se refira ós antigos eremitas que viviron nesta montaña e que da orixe ó antigo culto da Virxe da Franqueira. Observade á fraga, chea de carballos, castiñeiros, acevos, e outras especies autóctonas. Aquí vive o porco bravo, o corzo, o lobo, o raposo, aves e outros animais da nosa fauna.

O conxunto, necesitado dun bo arranxo, é unha antiga fonte, coa escalinata e as cruces que dan comezo á primeira estación do Vía crucis. O camiño non ten perda, seguindo a segunda e terceira estación, seguimos todo ata o cumio. Estas cruces foron feitas nos anos 70 do século pasado. A gran cruz, que está á fin, é do ano 1984. Ó chegar ó cumio observade a paisaxe, podedes ver gran parte da provincia, ata o mar, a ría de Vigo e as Cíes, e a desembocadura do Miño co Monte de Santa Trega. Seguimos as indicacións, cara ós tres muíños que se ven desde a cruz, cara ó bosque de piñeiros, ata a pista asfaltada. Se queredes disfrutar doutras vistas maravillosas, podedes coller o camiños dos miradoiros. Están ó pe dos tres muíños de vento. Son unhas construcións dos anos 70 seguindo o esquema dos castros. as vistas tamén son impresionantes.



Voltos ó cruce, seguimos as frechas para chegar a unha pista, que é o camiño que nos conduce ata o Coto da Vella. A poucos metros atopamos a Neveira dos frades. Esta construción, necesitada de restauración, é unha curiosidade digna de ter en conta. É un foso, que atoparedes ás esquerda, duns 6 metros de diámetro, con 6 de profundidade. Está a pedra dos muros, algunha caída, que axuda a ter a idea do que é. Nesta construción, que tiña un tellado, gardábase a neve prensada tapada con palla. Así

conservaba a baixa temperatura e podían conservar alimentos, e vender xeo para o transporte do peixe que transitaba polo camiño Real que pasaba por diante do antigo mosteiro da Franqueira.

Seguindo o camiño chegamos o Coto da Vella. A entrada é desde abaixo, polo que, te,os unha visión de conxunto do espacio. Pódese ver a antiga gruta na que estivo agochada a imaxe da Virxe, un altar de pedra e a cruz. Este lugar foi acondicionado nos anos 60, e a imaxe da Virxe que está colocada, copia da orixinal que se venera no Santuario, foi bendicida o 2 de xuño de 1968.

As vistas son outra vez impresionantes, se seguides cara as antenas de televisión, podedes ter outra visión cara ó mar.

O regreso pode ser sobre os vosos pasos ata a entrada para a Cruz monumental e, seguindo a estrada asfaltada chegaredes á zona recreativa dos Bidueiros, e desde alí ata o santuario.

Ou tamén a alternativa é volver sobre os pasos desde o Coto da Vella, ata a pista e terra do parque eólico. Coller á dereita, baixando sempre pola pista ata o curro, e no cruce, á dereita en dirección á Franqueira.

O noso desexo é o de facer un pequeno servizo ó peregrinos da Virxe da Franqueira. Esperamos que estea adecuadamente explicada esta pequena guía, pero se tedes algunha dúbida podedes poñervos en contacto co Santuario.

986.69.79.68/ 609.47.25.91

[info@afranqueira.org](mailto:info@afranqueira.org)

na páxina web [www.afranqueira.org](http://www.afranqueira.org) podedes ver un plano cos lugares referidos.

Moitas gracia e bo camiño.

